

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL-AGADER E A ORGANIZACIÓN PROFESIONAL AGRARIA UNIÓN AGRARIAS-UPA POLO QUE SE RECOÑECE ESTA ORGANIZACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA DA AGADER PARA O CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA LEI 11/2021, DO 14 DE MAIO, DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA DE GALICIA.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego. Neste ámbito, un dos obxectivos previstos na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (a partir de agora LRTAG) é establecer o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos, a prevención e a loita contra o seu abandono, o fomento da súa recuperación e a incorporación de persoas mozas á actividade agraria, co fin de garantir a sustentabilidade do sector agroforestal

**Antecedentes:** O 21 de maio de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia a LRTAG. En virtude deste texto legal, e nos termos previstos no artigo 18 da Lei 11/2021, dispón que a condición de entidade colaboradora adquirírase de acordo cos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, mediante a formalización do correspondente convenio de colaboración coa Agader, que precisará as funcións que son asumidas pola entidade, os requisitos que debe cumprir e facer cumprir e as medidas de comprobación e control que a Agader reservará para si sobre as funcións desenvoltas.

O Capítulo II.-*Outros suxeitos do Título I.-Organización administrativa e suxeitos intervintes na xestión da terra agroforestal* desta lei regula, entre outros suxeitos que poden participar na xestión da terra agroforestal, as entidades colaboradoras da Agader. O artigo 17.1 da citada lei establece que esas entidades colaboradoras son aquelas entidades de carácter público ou privado que contribúen ao cumprimento dos obxectivos desta lei a través da cooperación coa dita axencia, mediante a realización, entre outras, de funcións de intermediación e acompañamento. E o artigo 17.2 da mesma lei sinala que poderán ter a condición de entidades colaboradoras, entre outras, as organizacións profesionais e os sindicatos agrarios.

**Finalidade** para os efectos sinalados, Agader ten previsto formalizar coa organización profesional agraria Unións Agrarias-UPA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia ata 31 de decembro de 2022. Este convenio poderá modificarse en calquera momento por mutuo acordo das partes mediante a tramitación da correspondente addenda ou modificación.

O convenio ten por **obxecto** o seguinte:

- a) O recoñecemento como entidade colaboradora da Agader, no marco da Lei 11/2021, de recuperación da terra agraria de Galicia, da organización profesional agraria Unións Agrarias-UPA (en diante, a entidade colaboradora).
- b) A regulación da colaboración entre a Agader e a entidade colaboradora, co fin de que esta entidade contribúa ao cumprimento dos obxectivos da citada Lei 11/2021.  
Coa sinatura deste convenio, as partes asumen os seguintes compromisos:
  - a) A entidade colaboradora realizará as seguintes funcións:
    - O acompañamento e a orientación ás persoas mozas que se incorporen á actividade agraria en materia de información, formación, análises técnicas e asesoramento xurídico.



- O asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta.

- A vixilancia sobre a posible existencia de terras en abandono ou infrautilización, e, en especial, a notificación desta circunstancia á correspondente xefatura territorial.

En relación ás citadas funcións, a entidade colaboradora poderá realizar as actuacións que faciliten a execución das funcións en que colabore coa Agader, en particular, as seguintes:

- Dar proxección e visibilidade ás actividades e accións a desenvolver, a través, por exemplo, da páxina web, das redes sociais e das publicacións da entidade colaboradora, así como das charlas, obradoiros e proxectos que organice ou nos que participe a entidade colaboradora.

- Asesoramento presencial, así como atención telefónica e on-line, ás persoas interesadas sobre a incorporación á actividade agraria e sobre as iniciativas de polígonos agroforestais. En relación a este tipo de actuación, a entidade colaboradora presentará un informe sobre a situación inicial e final de cada iniciativa sobre a que asesore.

b) A Agader realizará a compensación de gastos máximos en que incorra a entidade colaboradora, segundo o previsto na cláusula terceira do citado convenio:

- Anualidade 2021: 20.000 €

- Anualidade 2022: 40.000 €

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora xeral da Agader

Inés Santé Rivera

Por suplencia (Acordo do Consello de Dirección da Agader do 18/12/2018).

O secretario xeral da Agader

(asinado dixitalmente)

Isaías Calvo de la Uz

